



Autoría: Noé Rañón - @enclavedemestre

## ÍNDICE DO LIBRIÑO 3

|                             |    |                                                     |    |
|-----------------------------|----|-----------------------------------------------------|----|
| HISTORIA                    | 3  | AXUDAS PARA O ALUMANDO                              |    |
| PROGRAMA DE ESTUDO          | 5  | Primeiros pasos no capítulo                         | 33 |
| Coñecemento instrumental    | 7  | Resumo da historia, mapas e consellos para comezar. |    |
| Formación rítmica           | 13 | CRÉDITOS, LICENCIAS E                               | 37 |
| Linguaxe musical e harmonía | 23 | ATRIBUCIÓN                                          |    |
| Interpretación instrumental | 25 |                                                     |    |



Autoría: Noé Rañón - @enclavedemestre  
2024 en licencias por formación para Consellería de Cultura,  
Educación, Formación Profesional e Universidades  
Xunta de Galicia.,

Obra publicada con Licencia Creative Commons Reconocimiento - No comercial- Compartir igual 4.0

# HISTORIA

O festival de fin de colleita é o momento do ano na vila de Oseira. Nel celebran a vida grazas aos alimentos que recolleron durante a estación de luz e agradécenlle á música a súa protección con cancións e bailes. Pero este ano non é un ano corrente. Algo está ocorrendo nas profundidades do bosque e os melómanos están alterados. Tanto é así, que no medio do festival, os veciños de Oseira son atacados por catro terribles melómanos,



que de non ser pola axuda cos músicos, teríamos unha historia triste que contar. Agora, todo se centra en descubrir como puido ocorrer e como protexer a vila para que non volva pasar.



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

# CAPÍTULOS

- Capítulo 1: Benvida a Oseira
- Capítulo 2: O ataque dos melómanos
- **Capítulo 3: A Entidade**
- Capítulo 4: Desterro
- Capítulo 5: O retorno dos musicotrasnos



# PROGRAMA DE ESTUDO

## Coñecemento instrumental



Con Travinsqui aprenderás a clasificar diferentes instrumentos, coñecerás a súa forma, nome e o seu timbre característico, así como outros aspectos de interese.

## Formación rítmica



Ritmellón ensinarache todo o que precisas saber sobre ritmo. A duración das figuras musicais, as sílabas rítmicas asociadas a alimentos para recordalas mellor e conseguir desenvolver o oído con diferentes ditados rítmicos.

## Linguaxe Musical e Harmonía



Motz amosarache todos os secretos da parte máis teórica da música. Aprenderás a ler as notas nun pentagrama, a recoñecer melodías só con escoitalas e outros aspectos da linguaxe musical.

## Interpretación instrumental



Os tres coordinadores da Escola de Arte ensinarache o básico para tocar os instrumentos iniciais de cada unha das tres clases: vento (fauta), percusión (pandeireta) e corda (ukelele).

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Neste capítulo aprenderas....

- ✓ Coñecemento dos instrumentos de corda: clasificación e algúns exemplos (arpa, zanfona, laúde, guitarra, violín e piano)
- ✓ Duración e ritmo: a semicorchea e concepto de compás.
- ✓ Linguaxe musical: lectura das notas Re, Fa e La no pentagrama e recoñecemento auditivo de intervalos de 3ª Maior, 4ª xusta, 5ª xusta e 8ª.
- ✓ Interpretación instrumental: Coñecemento dos acordes maiores a partir dun instrumento de corda como o ukelele.

# COÑECEMENTO INSTRUMENTAL



## Instrumentos de corda (cordófonos)

Os instrumentos de corda son aqueles que soan cando se fai vibrar unha ou máis cordas que resoan nunha caixa. Segundo a forma en que se fan vibrar as cordas distinguimos tres tipos:

- Corda pulsada: son os se tocan pulsando, beliscando ou punteando a corda como por exemplo a guitarra, a arpa, o laúde ou o ukelele.
- Corda fretada: son os que se tocan fretando as cordas cun arco, como no caso do violín ou do rabel. A zanfona, aínda que é un pouco especial, diríamos que é fretada, aínda que non se utiliza un arco, senón unha manivela.



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

- Corda percutida: son nos que a corda é golpeada, manualmente ou cun mecanismo, como no caso do piano, que na súa caixa ten uns marteliños que golpean cando pulsamos as teclas. Ademais do piano podemos citar o clavicordio.

| CORDA PULSADA                                                                        |                                                                                      |                                                                                      |                                                                                     |
|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------------------------------------------------|-------------------------------------------------------------------------------------|
| Ukelele                                                                              | Laúde                                                                                | Guitarra                                                                             | Arpa                                                                                |
|   |   |   |  |
| CORDA FRETADA                                                                        |                                                                                      |                                                                                      |                                                                                     |
| Zanfona                                                                              | Rabel                                                                                | Violín                                                                               |                                                                                     |
|  |  |  |                                                                                     |

| Viola                                                                              | Violonchelo                                                                        | Contrabaixo                                                                        |
|------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|
|   |   |  |
| CORDA PERCUTIDA                                                                    |                                                                                    |                                                                                    |
| Piano                                                                              | Clavicordio                                                                        |                                                                                    |
|  |  |                                                                                    |

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

### EXERCICIOS

Terás dous tipos de exercicios:

- ✓ Recoñecer auditivamente (de oído): No taller de Travinsqui terás que diferenciar o timbre do laúde, a guitarra, o ukelele, a arpa, o violín, a zanfona e o piano. Tamén podes practicar no modo “adestramento rítmico” do menú principal.



- ✓ Coñecer a formación básica de acordes con estes instrumentos.

## INSTRUMENTOS DE CORDA



*corda pulsada*



*corda fretada*



*corda percutida*

# FORMACIÓN RÍTMICA



A semicorchea e o grupo de semicorcheas

Unha semicorchea dura  $1/4$  (un cuarto) dunha negra.. Debúxase así cando vai soa:



No pulso que dura unha negra podemos tocar catro semicorcheas, o que chamamos grupo de semicorcheas que é o que imos aprender a tocar.



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Cando vexamos un grupo de 4 semicorcheas, a palabra que usaremos para partir en 4 sílabas rítmicas será:


EM-PA-NA-DA




No tempo que dura un pulso teremos que dicir esta palabra.

Practica agora este ritmo mesturando pan, queixo e mel, chocolate e os silencios de pan e mel.


Un, dous, tres, e...: "pan, quei-xo, pan, em-pa-na-da"



dous, tres, e...: "pan, em-pa-na-da, quei-xo, quei-xo"



Un, dous, tres, e...: "em-pa-na-da, (pan), em-pa-na-da, quei-xo"



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

O compás no pentagrama

A música organízase en compases.



Esta partitura por exemplo, ten tres compases:




Os compases divídense por unhas barras que se chaman liñas divisorias:




Para saber cantas figuras caben en cada compás teremos que atender á indicación do compás, que son eses números que están xusto despois da clave de sol.



Nos indicadores de compás, no número de abaixo indícase o tipo de figuras que van formar o compás e o de arriba cantas figuras destas caben en cada un. Por exemplo, o 4 de abaixo aquí indica que o compás se vai facer con negras, xa que o número 4 é o código da negra. No número de arriba hai un 3, o que quere dicir que en cada compás caberán tres negras ou figuras equivalentes á duración de tres negras.



Vexamos outro exemplo:







Aquí o número de abaixo é un 8, que é o código da corchea. Como o de arriba é un 6, indica que teñen que caber 6 corcheas en cada compás.



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Volvendo ao primeiro exemplo, imos comprobar se caben 3 negras en cada compás. No compás 1 temos negra, parella de corcheas e negra. Como xa sabemos do capítulo 1, dúas corcheas valen o mesmo que unha negra:




Se no compás temos dúas negras e unha parella de corcheas, que dura o mesmo cunha negra, é coma se tivéssemos 3 negras, así que a suma das figuras do compás duran o mesmo que 3. No compás 2 hai tres negras, así que si que se cumpre tamén (tres negras caben no tempo que duran 3 negras evidentemente). No último compás temos unha branca (que sabemos que duraba como dúas negras) e unha negra, así que  $2+1=3$ . Co cal está tamén correcto.





Por que sabemos que o 4 é a negra e o 8 a corchea? Pois porque partimos da redonda, figura que veremos no seguinte capítulo, que é a que máis dura. Para facer unha redonda fan falta 2 brancas (o código da branca é 2), para facer unha redonda fan falta 4 negras (o código da negra é 4)...




Nas caixas de ritmos do xogo os números que introducimos por cada figura teñen relación con isto.


## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Algún exercicio para saber se comprendiches isto sería:

1- Que figura falta para completar este compás?



2- Por que non está ben escrito este compás?



3- Cantos compases ten esta partitura?



4- Como se chama o símbolo sombreado de amarelo?



En resumo:

| Figura e código da figura. sen grupo                                                                | Pictograma                                                                         | Sílabas rítmicas | Pulsos da fig. sen grupo |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------------------|------------------|--------------------------|
| Branca (2)<br>     |   | MEEL             | 2                        |
| Negra (4)<br>      |   | PAN              | 1                        |
| Corcheas (8)<br> |  | QUEI-XO          | 1/2<br>+<br>1/2          |

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

| Figura e código da figura. sen grupo                                                                           | Pictograma                                                                            | Sílabas rítmicas | Pulsos da fig. sen grupo    |
|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------|------------------|-----------------------------|
| Semicorcheas (16)<br>       |    | EM-PA-NA-DA      | 1/4+<br>1/4+<br>1/4+<br>1/4 |
| Silencio de branca (2)<br>  |    | (MEEL)           | 2                           |
| Silencio de negra (4)<br> |  | (PAN)            | 1                           |

# LINGUAXE MUSICAL E HARMONÍA



No capítulo 3 practicamos a ler no pentagrama co noso instrumento, así como a recoñecer estas notas escoitándoas. Neste caso dividimos os exercicios da seguinte forma:

- Lectura: Engadimos ás notas que nos faltaban para ter as sete notas e unha oitava co Do' agudo.
- Ditados melódicos: ditados de tres notas, que comezan sempre por Do, e que poden incluír as notas Do, Mi, Fa, Sol e Do.

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Practicaremos todo isto na clase de Motz así como co noso instrumento cando queiramos. Ademais, a partir deste capítulo aparecerán polo mundo as caixas de música melódicas.



Son parecidas ás caixas de música rítmicas, pero para abrilas, en lugar de introducir un ritmo temos que introducir o número das notas que soaron.

Neste capítulo poderémonos atopar con caixas que emiten dúas notas, e a primeira sempre é Do. As posibilidades serán:

| Intervalo | Notas que soan | Contrasinal |
|-----------|----------------|-------------|
| Unísono   | Do-Do          | 1-1         |
| 3ª Maior  | Do-Mi          | 1-3         |
| 4ª Xusta  | Do-Fa          | 1-4         |
| 5ª Xusta  | Do-Sol         | 1-5         |
| 8ª Xusta  | Do-Do'         | 1-8         |



# INTERPRETACIÓN INSTRUMENTAL

Neste capítulo teremos unha clase especial con Cordi, aínda que non sexa o noso titor ensinaranos a tocar tres acordes maiores co ukelele.

Un acorde é un son, de tres o máis notas á vez, e que constitúe unha unidade harmónica, un son combinado que funciona e que usamos xunto a outros acordes para formar a base harmónica dunha peza musical. Os acordes danlle a base musical á canción, e logo encima desta aparecen as melodías solistas de instrumentos e da voz. Hai varios tipos, uns dos máis usados os maiores, que vemos a continuación.

Para formar un acorde hai que coller tres notas (unha tríade): a fundamental ou tónica, que é a nota que máis peso ten e dálle nome ao acorde; e para un acorde maior collemos a súa 3ª maior e a súa 5ª. Para saber cal é a 3ª e a 5ª só temos que contar dende a nota tónica 3 ou 5 na escala ascendente.


## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Así pois, a fórmula dun acorde maior é: 1, 3, 5


Do Maior (C)

Aplicamos a fórmula 1, 3, 5. O acorde de Do Maior terá como nota tónica un Do (1). Así, a súa 3ª será a nota á que se chega contando dende Do (Do incluído) 3 notas cara arriba na escala maior.

Así, podemos dicir que a 3ª de Do é Mi (3).




Para buscar a 5ª facemos o mesmo, e obtemos que a 5ª de Do é Sol (5).



Polo tanto:

Do Maior= Do (1), Mi (3), Sol (5)




A forma de tocar un acorde cambia moito dun instrumento a outro. Nalgúns instrumentos, como a frauta, non se poden tocar usando só unha frauta. No instrumento que mellor se ve é no piano, onde prememos á vez nas teclas do acorde:



No ukelele, como as notas das cordas non están tan ben ordenadas como no piano hai que buscalas. Todas as cordas que toquemos teñen que ter esas tres notas, e aínda que a orde non importe tanto, como no ukelele hai catro cordas, se hai que repetir algunha das tres notas, mellor repetir a nota tónica (do).

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS



Analizando as notas podemos elixir como combinar o Do, Mi, Sol, pero a forma máis usada é esta:



Como vemos colle o Do da corda 3 (arriba) e o da corda 1 (abaixo), o Do' agudo.


Nas tres cordas de arriba (sol, do, mi) esas tres notas soan ao aire, é dicir, que non hai que pulsar en ningún traste e directamente ao focalas coa man dereita xa soan. Na corda de abaixo, a 1ª, o do' está no terceiro traste, polo que habería que pisar cun dedo da man esquerda nel (neste caso usamos o anular).

### FOTO UKELELE

Nunha partitura de ukelele, ademais do pentagrama tamén nos dá un diagrama das cordas (tablatura ou TAB) onde nos indica o traste no que se pisa cada corda. Se pon "0" quere dicir que esa corda tócase ao aire, sen pisar en ningún traste.

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Hai que ter en conta que a corda de máis arriba na TAB (a que ten un 3 na imaxe), é a corda que nos queda máis abaixo cando estamos a tocar.




É como se o ukelele o colocásemos así:



## Fa Maior (F)

Seguindo a fórmula (1,3,5), o acorde de Fa Maior (F) sería:

Fa (1), La(3), Do(5)



## Sol Maior (G)

Sol(1), Si (3), Re (5)



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

No xogo, para toca cada acorde deberás premer no botón de "acordes" e logo elixe "tocar". Por último, premerás só na nota indicada para cada acorde no segundo diagrama:



# AXUDAS PARA O ALUMNADO



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS


Nesta sección tratamos de darvos un empurróncoño no caso de que vos atasquedes nalgún lugar do xogo.

### SPOILERS ALERT!!

Se non queredes que vos estrague algo do argumento, o mellor é FUXIR de esta sección!!




Se esta sección non se aclara dabondo sempre podes ir ao canal de Youtube “O país dos musicotrasnos”




## Primeiros pasos:

Neste capítulo visitarás o Bosque dos Sons. Aquí vai un mapa da primeira zona, para que non te perdas!



## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

Tamén visitarás unha cova que é un completo labirinto. Aquí o mapa.



# CRÉDITOS, LICENCIAS E ATRIBUCIÓN

| Información xeral sobre este recurso educativo |                                                                                                                                                                                   |
|------------------------------------------------|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Título                                         | O País Dos Musicotrasnos, 2024                                                                                                                                                    |
| Formato                                        | Videoxogo RPG                                                                                                                                                                     |
| Autoría                                        | Realizado por Noé Rañón @enclavedemestre durante o período de Licencia por Formación, para a Consellería de Cultura, Educación, FP e Universidades da Xunta de Galicia.           |
| Licencia                                       | <a href="https://creativecommons.org/licenses/by-nc-sa/4.0/">Creative Commons BY-NC-SA 4.0</a>  |

O recurso foi elaborado no programa RPG Maker MV, de onde proceden a maioría de músicas, sons e imaxes do xogo veñen incluídas co programa de edición de RPGs RPGmaker MV <https://www.rpgmakerweb.com/products/rpg-maker-mv>

## O PAÍS DOS MUSICOTRASNOS

- Os sons de instrumentos musicais foron creados co programa Guitar Pro 6 por Noé Rañón, e os que non foron gravados pola mesma persoa. <https://www.guitar-pro.com/>
- Todas as imaxes desta guía así como aquelas do videoxogo que non pertencen ao RPGMaker foron creadas con IA no xerador de imaxes de Bing por Noé Rañón, incluída a imaxe da portada do xogo e de todos os instrumentos musicais. <https://www.bing.com/images/create?FORM=GENILP>  
Varias das mesmas imaxes foron editadas con posterioridade en Photoshop por Noé Rañón, para darlle un toque máis adaptado ao formato.
- Para algún dos exercicios utilizamos os seguintes pictogramas da web Arasaac:



Autor pictogramas: Sergio Palao

Procedencia: ARASAAC (<http://arasaac.org>). Licencia: CC (BY-NC-SA)

Propiedad: Gobierno de Aragón

Este recurso poderase reutilizar e compartir igual sempre que se recoñeza a autoría do mesmo.

